

## **MEMORIA DA ADDENDA E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 dos Estatutos, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia aprobado por Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan competencia da Axencia, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Don Jaime Sousa Seara, Presidente da Mancomunidad Terra de Celanova, en nome e representación da mesma, en virtude do disposto no artigo 14.1b) e l) dos Estatutos da Mancomunidad de Municipios "Terra de Celanova".

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 3.1.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, e á luz do preceptuado no artigo 8 apartado 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; no artigo 198 da Lei 5/1997 e no artigo 7 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, a Axencia Tributaria de Galicia e a Mancomunidad Terra de Celanova, acordan que a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público do que sexa titular a devandita entidade sexa realizado a través dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.





Que dado que a vixencia do Convenio subscrito o 13 de marzo de 2020 entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Mancomunidade Terra de Celanova finaliza o 13 de marzo de 2024, resulta necesario proceder a dar novo tratamento ás relacións entre ambas.

Nestes intres ambas partes consideran prorrogar o convenio por un período de catro anos dende a firma deste acordo e modificar a cláusula cuarta reguladora do procedemento coa finalidade de axilizar a xestión recadadora das débedas remitidas polo Mancomunidade á Atriga de modo que non se poderá realizar o cargo daquelas débedas que se atopen suspendidas ou prescritas; das que reste un período inferior a tres meses para a súa prescrición; das correspondentes a debedores falecidos, e, das débedas concursais.

Así mesmo, modifícase a cláusula novena reguladora da vixencia do convenio para prever a posibilidade de que calquera das partes asinantes poda resolver o convenio con tres meses de preaviso sen necesidade de acordo unánime dos asinantes.

A presente addenda e prórroga subscrita entre a Atriga e a Mancomunidade Terra de Celanova en materia de recadación en vía executiva ten natureza administrativa e se rexe polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo puideran derivarse.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Documento asinado dixitalmente á marxe  
A Directora da Axencia Tributaria de Galicia  
M<sup>a</sup> Victoria González Vázquez

